

46 | OUTUBRO 2021

# NUMAX PRESENTA:

# Libraría




## Libro do mes

***Little neno descobre... Os Beatles***
**Dani Llabrés e Jaime Pantoja**
15,00€
A REIXA

Cando Little Neno queda durmido, sempre suceden cousas estrañas. Pero estrañas de verdade... Renato, o seu oso de peluche, marchou nun curioso submarino amarelo. Para atopar o seu querido amigo, Little Neno terá que contar coa axuda de personaxes sorprendentes coma o tolo do outeiro, o home ovo, Lucy no seu ceo de diamantes e unha morsa.




***Deixádenos remar***
**Ana Cabaleiro**
17,30€
XERAIS




***Algúns contos completos***
**Domingo Villar e Carlos Baonza**
19,95€
GALAXIA




***Soledad***
**Victor Catalá**
21.95€
TROTALIBROS




***Sexo y silencio***
**Ignacio Castro Rey**
20,00€
PRE-TEXTOS




***Poesía esencial***
**Mircea Cărtărescu**
24.90€
IMPEDIMENTA




***Sofoco***
**Laura Ortiz Gómez**
16.25€
BARRETT




***A linguaxe da música***
**Mónica Balo González**
20,00€
DOS ACORDES




***Yo, vieja***
**Anna Freixas**
17.00€
CAPITÁN SWING

## Na libraría



**6 OUT | 20:00**

**Pedro Torrijos** presenta **Territorios Improbables** (KAILAS).



**7 OUT | ÁS 19.30**

**Alfonso Becerra, Baltasar Patiño** e **Anna Vallés** presentan **Historia da dança en Galiza** ( ATRAVÉS)



**27 OUT | 20.00**

**Fran Quiroga** e **Antonio Giráldez** presentan **Mutaciones en el espacio público** (BARTLEBOOTH)

# Intemperiadas
## *Correspondencias interartes con Xela Arias*

Libraría Numax
Sábado 16 de outubro
ás 12.00



**Sesión de peche.**
Encontro coas autoras
e a súa obra

* **Prazas limitadas**
Reserva previa en comunicacion@numax.org

Imaxe © Xulio Gil

Co apoio da

NUMAX  Deputación DA CORUÑA

# Cinema

## Estreas



### BENEDETTA

**ESTREA 1 OUT**

**Paul Verhoeven, 131′, FR, VOSG**
Con Virginie Efira, Lambert Wilson

A finais do século XV, coa peste asolando o país, Benedetta Carlini ingresa como novicia no convento de Pescia, na Toscana. Benedetta, que desde moi nova tivo a capacidade de obrar milagres, chega á comunidade e provoca un impacto inmediato e trascendental.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2021, Perlak Donostia 2021**



### MALMKROG

**ESTREA 8 OUT**

**Cristi Puiu, 200′, RO, VOSG, +12**
Con Agathe Bosch, Ugo Broussot

Nikolái, poderoso terratenente e home de mundo, convida os seus amigos da alta sociedade á súa mansión de Transilvania. Xuntos gozan dunha cea serena con profundas discusións sobre a moral, a política, a morte ou a existencia do mal. A medida que as horas pasan, as tensións van en aumento.

🏆 **Mellor Filme e Guión Sevilla 2020**



### MADRES PARALELAS

**ESTREA 15 OUT**

**Pedro Almodóvar, 123′, ESP, VO, +12**
Con Penélope Cruz, Milena Smit

Dúas mulleres coinciden nun cuarto de hospital onde van dar a luz. Ambas están solteiras e quedaron embarazadas por accidente. Janis, de mediana idade, non se arrepinte e está exultante. Ana, unha adolescente, está asustada, arrepentida e traumatizada.

🏆 **Mellor Actriz e Filme Inaugural Venecia 2021**



## QUIÉN LO IMPIDE

**ESTREA 22 OUT**

**Jonás Trueba, 220′, ESP, VO**

Entre o documental, a ficción e o rexistro testemuñal, os adolescentes de *Quién lo impide* móstranse tal e como son, aproveitan a cámara de cinema para mostrar o mellor de si mesmos e devolvernos a confianza no futuro; desde a fraxilidade e a emoción, con humor, intelixencia, conviccións e ideas.

🏆 **Mellor Interpretación de Reparto Donostia 2021**



## LA VIDA ERA ESO

**ESTREA 29 OUT**

**David Martín de los Santos, 109′, ESP, VO, +7**
Con Anna Castillo, Petra Martínez

María e Verónica son dúas migrantes españolas de diferentes xeracións que se atopan nun hospital en Bélxica. Alí comezan unha amizade que levará a María a emprender unha viaxe ao sur de España na busca da familia de Verónica.

🏆 **Mellor Actriz Sevilla 2020**

# Os ollos verdes



## O RETORNO: A VIDA DESPOIS DO ISIS

**ESTREA 22 OUT**

**Alba Sotorra, 90′, VOSE**

Documental que narra a historia dun grupo de mulleres occidentais que dedicaron a súa xuventude a ISIS, pero que agora queren ter a oportunidade de reconstruíren as súas vidas en casa.

🏆 **Docs Barcelona 2021**

**OS OLLOS VERDES**

Os filmes sinalados computan para o programa Os Ollos Verdes para estudantes universitarios. [En colaboración coa USC]



## A RAPAZA DA FÁBRICA DE MISTOS

PASES ÚNICOS 12 E 17 OUT

**Aki Kaurismäki, 69', FI, VOSE, 1990**
Con Kati Outinen, Elina Salo

Unha moza solitaria fai un traballo mecánico nunha fábrica de mistos. Cando chega a casa debe soportar a ausencia de cariño de seus pais. Polas noites sae a bailar tentando divertirse e atopar parella, mais nunca ten sorte.



## CONTRATEI UN ASASINO A SOLDO

PASES ÚNICOS 19 E 24 OUT

**Aki Kaurismäki, 79', ING, VOSE, 1990**
Con Jean-Pierre Léaud, Margi Clarke

Un hombre gris e sen ganas de vivir contrata un asasino para que acabe coa súa vida, pois el carece de valor para facelo. Inesperadamente, coñece unha muller e muda de idea. O problema é que ten que atopar o asasino antes de que execute a súa encarga.



## A VIDA DE BOHEMIA

PASES ÚNICOS 26 E 31 OUT

**Aki Kaurismäki, 100', FR, VOSE, 1992**
Con Matti Pellonpää, Evelyne Didi

Narra a amizade e desventuras de tres artistas sen un can no bohemio París. Marcel, un escritor sen traballo que recolle botellas baleiras, Rodolfo, un pintor albanés sen papeis, e Schaunard, un compositor irlandés.

## Centenario Fernando Fernán Gómez



### EL EXTRAÑO VIAJE

ESTREA 22 OUT

**Fernando Fernán Gómez, 98′, ESP, VO**
Con Carlos Larrañaga, Tota Alba

Nun pobo de provincias vive unha familia composta por tres irmáns, a dominante Ignacia e os medorentos Paquita e Venancio. A monotonía só se racha cando unha banda madrileña ameniza coas súas cancións a fin de semana.

## Día de Lorca en Galicia



Seis poemas galegos
Federico García Lorca, 17.00€
CHAN DA PÓLVORA

### LA BARRACA DE LORCA, XIRA POR GALICIA

25 OUT

**12′, ESP, VO, 1932**

Noticiario de 1932 que acompaña a xira da compañía teatral La Barraca, dirixida por Federico Garcia Lorca, por distintas vilas da Península, e que inclúe imaxes do poeta paseando por Vigo e a montaxe dun escenario na Praza da Quintana.

A sesión contará con presentación e coloquio a cargo do editor Henrique Alvarellos e o fotohistoriador Carlos Castelao, que en 2019 identificaron as imaxes.

## Pases especiais



Presentación e coloquio
co equipo do filme

### A POETA ANALFABETA

PASE ÚNICO 28 OUT

**Sonia Méndez, 71′, GAL, VO**

Documental que retrata unha muller fascinante: Luz Fandiño. Poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria. Aos seus 88 anos Luz é testemuña viva das realidades máis duras do século XX, por ser muller, por ser emigrante, por ser pobre, por ser roxa.


CURTOCIRCUITO 2021/02—10 OUT
XVIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE * SANTIAGO DE COMPOSTELA * CURTOCIRCUITO.ORG


RETROSPECTIVA AKI KAURISMÄKI
SETEMBRO- DECEMBRO 2021
INFORMACIÓN E ENTRADAS EN NUMAX.ORG
NUMAX
Coa colaboración de
GOLEM DISTRIBUCIÓN

# NUMAX NA ESCOLA 2021/2022



**EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO**

Proxeccións educativas para infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Unha proposta ampla e variada, con obras seleccionadas e premiadas en festivais internacionais, que agrupamos por eixos temáticas para unha doada adaptación ás necesidades curriculares do profesorado.

Infórmate en **escola@numax.org**




# PETITE MAMAN

**ESTREA 29 OUT**

**Céline Sciamma, 72′, FR, VOSE**
Con Nina Meurisse,
Stephane Varupenne

Nelly ten oito anos e acaba de perder a súa avoa. Mentres axuda a seus pais, explora os arredores da casa onde súa nai, Marion, soía xogar de pequena. Alí descobre a casa da árbore da que tanto ouvira falar. Un día, súa nai marcha de súpeto. É daquela cando Nelly coñece outra nena da súa idade no bosque e xuntas constrúen unha casa na árbore. A súa nova amiga chámase Marion.

**Premio do Público Festival de Donostia 2021 / Sección Oficial Berlinale 2021**

Retrato de una mujer en llamas Céline Sciamma, DVD / BR 20,00€

# NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
**www.numax.org**

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de
AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

Síguenos en @numaxcoop